



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E TRES DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN**  
**(ACTA NÚMERO 15)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e tres de abril de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Asisten telemáticamente a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e a Sra. Deputada dona Mónica Freire Rancaño e manifestando que se encontran en territorio español.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASEIS DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de abril de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

### **2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NO CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DO MUNICIPIO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 16 de abril de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1.- Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7HXS7CD4O7RHR3UR45AJIAMA<sup>1</sup>.

4.- Memoria xustificativa, con CSV: IV7HSLSTZZZTX2EOQ5QAM7QHMA.

---

<sup>1</sup> Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



5.- Prego de prescricións técnicas elaborado pola Sección de Benestar Social e Igualdade con CSV: IV7HXTCPZAULJCUY6X6MKZDHAQ.

6.- Consignación orzamentaria, con CSV: IV7HQGQ5B472JX7JAXUVEIIOEU.

7.- Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7HSAKDLBMOWSNICN5QL3SUD4.

8.- Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7HSAJZFPPQTNI4RGDGalogy.

9.- Informe de fiscalización previa, con CSV IV7HSORSBAGTJNHLDT5HKRNARI4.

10.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7HSOQ3PT4PRO423QURIQK6EY.

11.- Acordo da Xunta de Goberno de data 19 de febreiro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7HTUL2GDWI35B24U5RD4BAAE.

12.- Acta da Mesa de Contratación do día 9 de marzo de 2021, con CSV IV7H64DSFYNNZZZFMCBHEIRYGBY que recolle o seguinte:

“Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, das tres empresas convidadas a este procedemento presentou proposición: Fundación Camiña Social.

Tendo en conta que o licitador concorrente presentou a súa proposta dentro do prazo estipulado, procédese á apertura e exame do sobre “A” (documentación administrativa) resultando que a licitadora presenta a documentación correctamente. A Mesa de contratación acorda admitila ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese á apertura da documentación contida no Sobre “B” e valoración dos criterios avaliábeis automaticamente, co seguinte resultado, tendo en conta que segundo o regulado no PCAP, obterán unha puntuación cero (0) puntos aquelas ofertas económicas nas que os prezos unitarios ofertados coincidan cos respectivos prezos de licitación praza/día por usuario/a:

CAM PEDRAFITA DO CEBREIRO	Prezo unitario	IVE (4%)	PREZO IVE/ persoa/día/unidade	Puntos
<b>PREZOS UNITARIOS PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL</b>				
1.1. Persoa usuaria valorada con autonomía	32,00 €	0 €	32,00 €/día persoa	0
1.2. Persoa usuaria valorada con dependente	38,50 €	0 €	38,50 €/día persoa	0
<b>PREZOS UNITARIOS PRESTACIÓN EN CENTRO DE DÍA/ATENCIÓN DIÚRNA</b>				
1.3. Persoa xornada completa (1 comida principal e 2 secundarias)	21,00 €	0 €	21,00 €/día persoa	0
1.4. Persoa ½ Xornada (4 horas 1 comida principal e 1 secundaria)	16,00 €	0 €	16,00 €/día persoa	0
<b>PREZOS UNITARIOS INCREMENTOS SERVIZOS DE ATENCIÓN DIÚRNA</b>				
1.5. Comida principal	6,00 €	0 €	6,00 €/unidade	0
1.6. Comida secundaria	2,00 €	0 €	2,00 €/unidade	0
1.7. Hora extra atención	3,00 €	0 €	3,00 €/unidade	0

2.1 COMPROMISO CONTRATACIÓN PERSOAL POLA AXENCIA DE COLOCACIÓN	SI	6
2.2 COMPROMISO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE	NON	0
2.3 PLAN ANUAL DE SAÍDAS OU EXCURSIÓNS COAS PERSOAS USUARIAS DO CAM	NON	0
2.4 PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS	NON	0

PUNTUACIÓN TOTAL	6 PUNTOS
------------------	----------

A Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a fase de negociación (fase 2 do proceso de valoración de ofertas), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Fundación Camiña Social.”

13.- Acta da Mesa de Contratación do día 17 de marzo de 2021, con CSV IV7H7X76BIM5TLZJWL45AJSVNY, que recolle o seguinte:

“Dase conta á Mesa de que cursouse o oportuno convite nesta fase de negociación, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 11 de marzo de 2021, á Fundación Camiña Social, con prazo de presentación de oferta ata o día 16 de marzo de 2021.

Procédese á apertura e valoración da oferta presentada en prazo por dita licitadora, sendo a seguinte: Non se compromete á posta en marcha dun horto terapéutico no centro e non se compromete a achega gratuíta á execución do contrato de soportes e axudas técnicas para os/as usuarios/as do centro. Polo que a puntuación nesta fase é 0 puntos.



A puntuación obtida polo licitador admitido (suma da fase primeira, 6 puntos, e fase segunda, 0 puntos) é 6 puntos.

A Mesa de Contratación acorda por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar a proposta presentada, aceptada e non declarada desproporcionada ou anormalmente baixa, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL	6 puntos

Requirir a Fundación Camiña Social para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 16 de abril de 2021, acorda o seguinte:

A Fundación Camiña Social presentou a documentación en prazo, con data 12 de abril de 2021.

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Presenta fotocopias do CIF da Fundación e do DNI do representante.

Aporta escrituras outorgadas ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias: nº 1.409 de data 17/6/2008, nº 2.162 de data 4/9/2008, e nº 3.797 de data

22/12/2016, coa documentación unida a mesma, nas que consta como obxecto social, entre outros, a protección á terceira idade. A Fundación está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Aporta dilixencia de bastanteo de poderes da Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo.

Aporta declaración de estar exento do pago do Imposto sobre Actividades Económicas, certificado de acollemento á Lei 49/2002, certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT no epígrafe 951 “asistencia y servicios para niños, jóvenes, disminuidos físicos y ancianos, en centros residenciales” e declaración xurada de non ter causado baixa.

Presenta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración do Estado, de data 18-01-2021.

Presenta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Lugo, de data 30-03-2021.

Presenta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, de data 18-01-2021.

Presenta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Incorpórase ao expediente carta de pago emitida pola Tesourería provincial, da garantía, por importe de 37.109,22 euros.

En acreditación da solvencia económica e financeira presenta balance de situación ESFL (normal) dos exercicios 2019-2018 e Declaración do Imposto de Sociedades 2019, nos que consta patrimonio neto positivo nese exercicio.

En acreditación da solvencia técnica ou profesional, presenta certificado asinado pola Subdirectora de Política Familiar, Infancia e Adolescencia da Consellería de Política Social da



Xunta de Galicia, que pola Sección de Benestar Social e Igualdade enténdese válido para acreditar a solvencia técnica.

A Fundación Camiña Social está inscrita no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Política Social co número E-5223. Verifícase polo Servizo de Contratación a conformidade dos datos indicados consultando directamente o RUEPSS no seguinte enderezo web: <https://benestar.xunta.es/xiacweb>.

Por último, acredita estar inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia e aporta declaración responsable na que o licitador manifesta que os datos declarados no momento da súa inscrición non experimentaron variación.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á Fundación Camiña Social, con CIF \*\*\*3817\*\*, a contratación do servizo de prestacións a persoas maiores no centro de atención ás persoas maiores do municipio de Pedrafita do Cebreiro por un importe de 742.184,37 € (IVE exento).

A empresa adxudicataria comprométese a realizar a prestación polos seguintes unitarios:

CAM PEDRAFITA DO CEBREIRO	Prezo unitario	IVE (4%)	PREZO IVE/ persoa/día/unidade
PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL			
Persoa usuaria valorada con autonomía	32,00 €	0,00 €	32,00 €/día persoa
Persoa usuaria valorada con dependente	38,50 €	0,00 €	38,50 €/día persoa
PRESTACIÓN EN CENTRO DE DÍA/ATENCIÓN DIÚRNA			
Persoa xornada completa (1 comida principal e 2 secundarias)	21,00 €	0,00 €	21,00 €/día persoa
Persoa ½ Xornada (4 horas 1 comida principal e 1 secundaria)	16,00 €	0,00 €	16,00 €/día persoa
INCREMENTOS SERVICIOS DE ATENCIÓN DIÚRNA			
Comida principal	6,00 €	0,00 €	6,00 €/unidade
Comida secundaria	2,00 €	0,00 €	2,00 €/unidade
Hora extra atención	3,00 €	0,00 €	3,00 €/unidade

A empresa comprométese á contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á Fundación Camiña Social, con CIF \*\*\*3817\*\*, a contratación do servizo de prestacións a persoas maiores no centro de atención ás persoas maiores do municipio de Pedrafita do Cebreiro), tendo en conta a data prevista de inicio do servizo, 18 de maio de 2021, por un importe de 641.599,11 € (IVE exento).

Tendo en conta a data prevista de inicio do servizo, a distribución por anualidades é a seguinte:

Anualidade	Importe IVE exento (euros)
2021	364.022,82 €
2022	277.576,29 €
Total	641.599,11 €





A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidades indicada, na aplicación correspondente.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2º.- A empresa adjudicataria comprométese a realizar a prestación polos seguintes unitarios:

CAM PEDRAFITA DO CEBREIRO	Prezo unitario	IVE (4%)	PREZO IVE/ persoa/día/unidade
PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL			
Persoa usuaria valorada con autonomía	32,00 €	0,00 €	32,00 €/día persoa
Persoa usuaria valorada con dependente	38,50 €	0,00 €	38,50 €/día persoa
PRESTACIÓN EN CENTRO DE DÍA/ATENCIÓN DIÚRNA			
Persoa xornada completa (1 comida principal e 2 secundarias)	21,00 €	0,00 €	21,00 €/día persoa
Persoa ½ Xornada (4 horas 1 comida principal e 1 secundaria)	16,00 €	0,00 €	16,00 €/día persoa
INCREMENTOS SERVICIOS DE ATENCIÓN DIÚRNA			
Comida principal	6,00 €	0,00 €	6,00 €/unidade
Comida secundaria	2,00 €	0,00 €	2,00 €/unidade
Hora extra atención	3,00 €	0,00 €	3,00 €/unidade

A empresa comprométese á contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- O contrato executarase desde o día seguinte á subscripción da acta de inicio ata o 20 de xuño de 2022.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es) ), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: O CORGO-CASTROVERDE.- Ensanche e mellora LU-P-1201 “Souto de Torres (LU-530) –Sobrado (N-VI)”, P.K. 10+120 a 11+650.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 13/04/2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7G6IBDD4FMWW5ZSIPTEU2SAU<sup>2</sup>.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: O CORGO- CASTROVERDE.- Ensanche e mellora LU-P-1201 “Souto de Torres (LU-530)–Sobrado (N-VI)”, P.K. 10+120 a 11+650, con CSV: IV7G6P2LBVEP7FFTUU6DAA3OEE.

---

<sup>2</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7GYYJT3QB7TPGJCTQCEJSCCA.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7GZWC5YD55QWZ5WAPAOIIOIM.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GZWBP34G7TLGJA5YH75ASCM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7GZWVKZU7YTLV2CZM5KLSG54.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 04/12/2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7G2GBTNJ543WUKWAU5KUKAEU.

Publicación, o día 10/12/2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 15/01/2021, na que se acorda suspender a mesma a fin de estudar escrito de alegacións ao proxecto, presentado no prazo de información pública, con CSV: IV7HUOK5FIJ5LLZNSEYMCEKGM4.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 23/03/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV7HYAJ4IEZ3J2WDRQP5B4D6K4.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación do 23/03/2021, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que que as mercantís Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL e Ovisa Pavimentos y Obras SLU, achegan unha declaración responsable (anexo I) que non se axusta ao modelo establecido no PCAP, faltándolle o apartado relativo á protección de datos (apartado 17), polo que a mesa, por unanimidade acorda, requirir a estas, concedéndolle un prazo de 3 días hábiles, para a achega de declaración responsable (Anexo I) nos termos do PCAP e proseguir coa apertura de ofertas, condicionada á achega da documentación indicada polas empresas sinaladas.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

O CORGO-CASTROVERDE.- ENSANCHE E MELLORA LU-P-1201 “SOUTO DE TORRES (LU-530) –SOBRADO (N-VI)”, P.K. 10+120 A 11+650 (EX0210B20AB)  
 ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

433.279,03	
358.081,84	75.197,19

DE IVE (partida independente)

VALOR ESTIMADO  
 CLASIFICACION EXIGIDA:  
 PRAZO DE EXECUCION:

NO  
 9 MESES  
 MAXIMO  
 7.161,64

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	(A) PRECIO (85)	(B) MELLORAS (10)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO ( IVE incluído - art 102 )	2 CM GROSOR + (SI/NO)	Oferta ( sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado)	Plantel / Discapacitados
1	AGLOMERADIOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA		401.822,97 €	NO	200,00 €	40/1
2	CONSTRUCCIONES RAFER SL		377.082,74 €	SI	7.161,63 €	26/0
3	CYMOT SA		381.285,52 €	SI	3.500,00 €	28/2
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	368.226,00 €	NO	1.487,60 €	16/0
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL	A	394.744,00 €	SI	1.790,41 €	171/3
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL		402.082,94 €	NO	0,00 €	89/2
7	HERMANOS PICO YAÑEZ SL		385.618,32 €	SI	200,00 €	10/0
8	HORDESCÓN SL		425.306,70 €	NO	0,00 €	23/0
9	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL	EMENDA	385.141,73 €	SI	7.161,64 €	28/0
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	EMENDA	411.138,47 €	NO	0,00 €	36/1
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		392.983,80 €	SI	1.239,67 €	33/2
12	VAZPER 3 SL		395.583,75 €	SI	3.701,00 €	17/1

Tendo en conta o anterior procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (85)		MELLORAS (10)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	2 CM GROSOR +	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	AGLOMERADIOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA	401.822,97 €	41,10	NO	0,00	200,00 €	0,14	41,24
2	CONSTRUCCIONES RAFER SL	377.082,74 €	73,43	SI	10,00	7.161,63 €	5,00	88,43
3	CYMOT SA	381.285,52 €	67,94	SI	10,00	3.500,00 €	2,44	80,38
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	368.226,00 €	85,00	NO	0,00	1.487,60 €	1,04	86,04
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL	394.744,00 €	50,35	SI	10,00	1.790,41 €	1,25	61,60
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL	402.082,94 €	40,76	NO	0,00	0,00 €	0,00	40,76
7	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	385.618,32 €	62,27	SI	10,00	200,00 €	0,14	72,41
8	HORDESCÓN SL	425.306,70 €	10,42	NO	0,00	0,00 €	0,00	10,42
9	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL	385.141,73 €	62,90	SI	10,00	7.161,64 €	5,00	77,90
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	411.138,47 €	28,93	NO	0,00	0,00 €	0,00	28,93
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	392.983,80 €	52,65	SI	10,00	1.239,67 €	0,87	63,52
12	VAZPER 3 SL	395.583,75 €	49,25	SI	10,00	3.701,00 €	2,58	61,83



De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
1	AGLOMERADIOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA	401.822,97 €
2	CONSTRUCCIONES RAFER SL	377.082,74 €
3	CYMOT SA	381.285,52 €
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A 368.226,00 €
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A 394.744,00 €
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL	402.082,94 €
7	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	385.618,32 €
8	HORDESCÓN SL	425.306,70 €
9	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL	385.141,73 €
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	411.138,47 €
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	392.983,80 €
12	VAZPER 3 SL	395.583,75 €

  

MEDIA
393.297,54

  

BAIXA DESPROPORCIONADA
353.967,79

  

10% ARRIBA
432.627,29

  

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL

A vista do anterior, e tendo en conta que ningunha das ofertas presentadas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixas, a mesa por unanimidade acordou elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES RAFER SL	88,43
2	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A 86,04
3	CYMOT SA	80,38
4	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL	77,90
5	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	72,41
6	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	63,52
7	VAZPER 3 SL	61,83
8	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A 61,60
9	AGLOMERADIOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA	41,24
10	GRUPO BASCUAS 2008 SL	40,76
11	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	28,93
12	HORDESCÓN SL	10,42

Requirir ás empresas Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL e Ovisa Pavimentos y Obras SLU, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para que acheguen de novo a declaración responsable (Anexo I) nos termos establecidos no PCAP.

Determinar que unha vez achegada a antedita documentación de xeito correcto, se requira á empresa Construcciones Rafer SL, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o

seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

No suposto de non achegar as empresas Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL e Ovisa Pavimentos Y Obras SLU, a documentación indicada no apartado “B”, se proceda a convocar novamente Mesa de Contratación a efectos de tomar os acordos que procedan.

Segundo o acordado pola mesa en data 23/03/2021, dende a Unidade de Obras (Servizo de Contratación), requiriuse ás empresas Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL e Ovisa Pavimentos y Obras SLU, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, para que achegaran un novo anexo I nos termos recollidos no PCAP, concedéndolles un prazo de 3 días hábiles.

As empresas Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL e Ovisa Pavimentos y Obras SLU, achegaron a documentación requirida, quedando así cumprida a condición establecida na mesa para proceder ao requirimento da documentación a que se refire o artigo 150 da LCSP á clasificada en primeiro lugar.

Por resolución da Presidencia de data 25/03/2021, con CSV: IV7HYLRDZBZPURP2CL5SOJ2PEM, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Construcciones Rafer SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 26/03/2021, rematando o prazo de presentación o día 13/4/2021. A mercantil Construcciones Rafer SL, presentou a documentación requirida o 30/03/2021.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 13/04/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Rafer SL presenta a documentación requirida en tempo.



A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Rafer SL con C.I.F. \*\*\*0527\*\* representada por D<sup>a</sup> María José Taboada Ramos con DNI \*\*\*2958\*\* , a contratación da obra denominada O CORGO-CASTROVERDE.- Ensanche e mellora LU-P-1201 “Souto de Torres (LU-530) –Sobrado (N-VI)”, P.K. 10+120 a 11+650, no prezo de 377.082,74 €, dos cales 65.444,11€ corresponden ao IVE (21%); unha mellora de obra consistente en aumento de espesor de 2cm de mestura bituminosa en quente na estrada provincial LU-P-1201 “Souto de Torres (LU-530) – Sobrado (N-VI), dende o p.k. 10+120 a 11+650, en base ás unidades de proxecto e ás características establecidas no cadro resumo do PCAP e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 7.161,63€ mais 1.503,94€ de IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: as melloras de obra indicadas e o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construcciones Rafer SL con C.I.F. \*\*\*0527\*\* representada por Dª María José Taboada Ramos con DNI \*\*\*2958\*\* , a contratación da obra denominada O CORGO- CASTROVERDE.- Ensanche e mellora LU-P-1201 “Souto de Torres (LU-530)–Sobrado (N-VI)”, P.K. 10+120 a 11+650, no prezo de 377.082,74 €, dos cales 65.444,11€ corresponden ao IVE (21%); unha mellora de obra consistente en aumento de espesor de 2cm de mestura bituminosa en quente na estrada provincial LU-P-1201 “Souto de Torres (LU-530)– Sobrado (N-VI), dende o p.k. 10+120 a 11+650, en base ás unidades de proxecto e ás características establecidas no cadro resumo do PCAP e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 7.161,63€ mais 1.503,94 € de IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: as melloras de obra indicadas e o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.





3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2020.**

**Primeiro.-** *Escrito do Concello de Baralla, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 15-16-17-18-19 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Baralla, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (15-16-17-18-19) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.



O Concello de Baralla presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BARALLA	15	MELLORA DO CAMIÑO PRESA FABEIRO EN BARALLA E PISTAS NO NÚCLEO DE A PENA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	36,30€
	16	MELLORA DA PISTA DE COMUNICACIÓN DE LEXOCAIRO A LIÑARES, P.K. 0+00 A 0+820, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	11.528,16€
	17	MELLORA DO CAMIÑO DA IGREXA EN RECESENDE E PISTA DE TOIRÁN A RECESENDE, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	2,86€
	18	MELLORA DO VIARIO NO NÚCLEO DE SANTA CRUZ, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	3,03€
	19	MELLORA DO VIARIO AOS NÚCLEOS DE LEXO E LEXOCAIRO, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	150,00€

Por escrito de data 19/04/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
BARALLA	REM	REPARACIÓN VIARIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO NÚCLEO DE SOBRADO, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	-	11.714,91€	11.714,91€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

### Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Baralla, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Baralla e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BARALLA	REM	REPARACIÓN VIARIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO NÚCLEO DE SOBRADO, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	-	11.714,91€	11.714,91€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Escrito do Concello de Paradela, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 205-206 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Paradela, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (205-206) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.



Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Paradelas presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
PARADELA	205	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS DE A PENA A SAN CRISTOVO E DE SAN CRISTOVO A PARADE, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	21.452,48€
PARADELA	206	REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL DE PARADELA, INCLUÍDO HONORARIOS	3410.76201	1.652,73€

Por escrito de data 19/04/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PARADELA	REM	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE ACCESO A FERRREIROS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	200,01€	21.452,48€	21.652,49€
PARADELA	REM	SUBMINISTRO EQUIPAMENTO NECESARIO E NON RECOLLIDO NO PROXECTO DE REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL DE PARADELA	3410.76201	--	1.652,73€	1.652,73€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

### Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Paradelas, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Paradelas e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PARADELA	REM	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE ACCESO A FERRREIROS, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	200,01€	21.452,48€	21.652,49€
PARADELA	REM	SUBMINISTRO EQUIPAMENTO NECESARIO E NON RECOLLIDO NO PROXECTO DE REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL DE PARADELA	3410.76201	--	1.652,73€	1.652,73€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

**Primeiro.-** *Proposta de modificación do convenio entre esta Deputación e o Concello de Barreiros.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de mellorar o abastecemento de auga no núcleo rural de Remior, mediante a execución do proxecto “Colector primario transversal Remior/ San Bartolo” (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de outubro de 2020).

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 23 de outubro de 2020, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado entre as partes o día 29 do mesmo mes.

O 18 de marzo de 2021, ao abeiro do disposto na cláusula oitava do amentado convenio, a representante legal do Concello de Barreiros presentou no rexistro telemático desta entidade solicitude mediante a cal propón a modificación das cláusulas terceira e quinta daquel, no que aos prazos de execución e xustificación se refire, xustificando a dita solicitude en diversas incidencias técnicas e administrativas que derivaron en que non fora posible realizar aínda a adxudicación do contrato necesario para a execución do proxecto obxecto do convenio.

Examinada a solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitíuse informe favorable ás citadas modificacións, o 22 de marzo do 2020.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade de modificación do mesmo, emitíuse informe xurídico favorable á súa modificación, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, o 5 de abril de 2021.

Finalmente, á vista das actuacións precedentes, a Unidade de Intervención informou favorablemente, o 13 de abril de 2021, a modificación do convenio de referencia nos termos citados anteriormente.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificación das cláusulas terceira (Obrigas, compromisos e facultades das partes) e quinta (Xustificación da achega económica) do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de mellorar o abastecemento de auga no núcleo rural de Remior, mediante a execución do proxecto “Colector primario





transversal Remior/San Bartolo”, asinado polas partes o 29 de outubro de 2020, nos termos da addenda que figura no expediente, manténdose inalteradas o resto das cláusulas daquel.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a realización de actuacións urxentes tendentes a prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais da Pinguela.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento respecto da proposta de convenio formulada a pedimento do concello de Monforte de Lemos para a formalización dun convenio de cooperación que permita a achega do medio propio TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC en garantía do mantemento do servizo público e as súas instalacións en condicións de salubridade sen interrupción da prestación de servizos á cidadanía .

A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP en diante), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

Polo que se refire o encargo ao medio propio instrumental, a Disposición Adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E, M.P. (TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da

letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP.

As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

No mesmo sentido, os Estatutos Sociais de TRAGSA prevén especificamente no Artigo 2, a realización entre outras as seguintes tarefas:

“e) (...) tarefas de apoio técnico de carácter urxente

Engaden os estatutos que en relación con calquera obra ou servizo, se considerará a vía de urxencia, independentemente do seu ámbito territorial ou da tipoloxía da actuación, nos seguintes supostos:

(...) Contratos respecto dos que por un incumprimento do contratista – cando esta situación de incumprimento se constate fundadamente- se teña incoado un procedemento de resolución”.

Contrastada a capacidade de TRAGSA para a execución destes traballos e constatado que existen títulos competenciais para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia), reforzada pola necesidade de dar unha resposta áxil a unha necesidade que se debe afrontar con urxencia, segundo a motivación incorporada ao expediente, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

**1º.-** Considerar que se cumpren os requisitos esixidos na normativa vixente respecto dos encargos a medios propios, de acordo co establecido no art. 32 e disposición adicional 24 da LCSP, polas consideracións expostas polo Concello respecto a necesidade de cooperación que permita a prestación sen solución de continuidade e en óptimas condicións do servizo de piscina municipal.

**2º.-** Apreciar que concorren as razóns de urxencia que expresa o Concello a través do escrito presentado por éste, para a realización por parte de TRAGSATEC, como medio propio da



Deputación, das actuacións necesarias descritas en o convenio de cooperación e os seus anexos que non poden ser atendidas de forma inmediata, nin máis eficaz por procedementos ordinarios ou extraordinarios de contratación.

**3º.-** Considerar que concorren razóns de excepcionalidade e singularidade para a realización destas actividades, pois a utilización da alternativa contractual demoraría amplamente a resolución das necesidades que afectan o interese xeral.

**4º.-** TRAGSATEC deberá acreditar con carácter previo ao comezo da execución do encargo, que conta cos medios persoais e materiais suficientes para a correcta realización do mesmo.

**5º.-** No caso de que TRAGSATEC tivese necesidade de dispoñer de medios persoais complementarios ou acudir á subcontratación, deberá de axustarse na súa selección á lexislación vixente.

**6º.-** Calquera modificación ou actualización das tarifas de TRAGSATEC serán asumidas polo Concello de Monforte de Lemos.

**7º.-** Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de Monforte de Lemos nos termos do borrador que consta no expediente, e nos termos da memoria incorporada ao expediente.

**8º.-** De acordo con o anterior, encomendar a TRAGSATEC como medio propio, a inmediata execución das prestacións, por importe de 279.608,61 €, de acordo co establecido no convenio, memoria xustificativa e documentación técnica anexa ao expediente, formalizando o correspondente documento de encarga, fixando como prazo de duración do encargo un máximo de 6 meses prorrogables mensualmente ata un máximo de 6 meses mais.

**9º.-** A empresa pública TRAGSATEC encargarse de realizar as seguintes tarefas:

Executar os traballos derivados deste encargo a medio propio con suxeición á documentación técnica que obra no expediente correspondente, achegando os medios que resulten necesarios.

Proporcionar ao Concello de Monforte de Lemos e á Deputación Provincial información periódica (mensualmente) sobre os avances das diferentes actuacións e os posibles obstáculos do obxecto do encargo, así como canta información solicíteselle sobre a realización dos traballos.

Proporcionar os medios materiais que sexan necesarios ao persoal que execute materialmente a prestación. O persoal dependerá exclusivamente da empresa TRAGSATEC, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador.

**10º.-** Publicar, de conformidade co art. 32.6 apartado b da LCSP, o documento de encarga na Plataforma de Contratación.

**11º.-** Todos os gastos que se deriven do presente convenio serán abonados polo Concello de Monforte de Lemos, de acordo co clausulado do convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, TECNOLOGÍAS Y SERVICIOS AGRARIOS S.A. S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) DA REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS URXENTES TENDENTES Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMÁIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DE A PINGUELA NO CONCELLO DE MONFORTE.**

Visto o escrito do Servizo de Contratación e Fomento, no que manifesta a necesidade de formalizar o convenio con anterioridade á aprobación deste asunto e proponse a retirada da Orde do



Día deste expediente. A Xunta de Goberno por unanimidade, acorda retirar o asunto da Orde do Día da presente sesión.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA DE SINALIZACIÓN DE TOPÓNIMOS DE ASENTAMENTO DE POBOACIÓN E ELEMENTOS DE INTERESE CULTURAL E TURÍSTICO NA REDE VIARIA PROVINCIAL 2021.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

Exposición de motivos

Unha das características mais salientables da nosa provincia corresponde coa alta dispersión de asentamentos poboacionais, dispersión que orixina unha enorme cantidade de topónimos. De tal maneira que resulta necesario realizar unha sinalización axeitada, debendo recoller por unha parte a identificación dos asentamentos poboacionais dentro dos municipios, parroquias, aldeas ou lugares cando menos, sendo elementos que facilitan a accesibilidade.

Por outra banda, a rede provincial de estradas da provincia de Lugo debería de recoller, dentro do posible, certos recursos relevantes de cada municipio, moitas veces descoñecido polo visitante, como poden ser: castros, mámoas, elementos patrimoniais construídos, puntos de interese paisaxístico, recursos turísticos, etc, que potencian o patrimonio cultural, natural e turístico da nosa provincia.

Como ben sabemos, a rede viaria provincial de Lugo é unha das mais extensa do Estado, e sirve de elemento vertebrador dos asentamentos poboacionais da provincia, e por elo que nos vemos na obriga de formular programas anuais de sinalización.

Estes programas parten de 3 principios básicos:

Deben incluír a todos os municipios da provincia de Lugo.

Garantir a participación dos concellos na determinación dos elementos a sinalizar, fixando unha orde de prioridades, de forma que, atendendo a tal ordenación se poida concretar as sinais a instalar en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Garantir unha distribución equitativa entre os distintos municipios, establecida mediante criterios obxectivos. A distribución realizarase empregando o sistema de reparto proporcional en función do número de quilómetros de estradas provinciais que discorren por cada concello, asegurando un mínimo de sinais para cada concello.

#### Antecedentes

A rede de estradas provinciais conta cuns 4.200 quilómetros de vías aproximadamente (preto do 17% do Estado) e a súa vez cun amplo número de entidades singulares de poboación (preto de 9.700 en toda a provincia), que en moitas veces carecen de sinalización indicativa para poder acceder a súa localización.

A crecente demanda na accesibilidade tecnolóxica ao rural lucense, vai parella coa accesibilidade física aos asentamentos poboacionais dispersos, tan característicos de Galicia. E por elo que a Deputación se plantexa a necesidade de iniciar un novo programa de sinalización de asentamentos de poboación e de elementos culturais e turísticos do territorio.

No presente ano iniciase un novo programa de dotación de sinais cun importe total de gasto de 200.000,00 € (IVE engadido), para mellorar a sinalización de carácter informativa da rede de estradas provinciais.

Polo exposto, a Deputación Provincial de Lugo por medio da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, no exercicio das competencias atribuídas, de conformidade con canto se establece polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ademais das que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso: “En xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia...” – artigo 36.1.d da mesma -, e na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27



de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local desenvolve o programa: de sinalización de topónimos de asentamentos de poboación e elementos de interese (cultural, turístico...) na Rede Viaria Provincial/ 2021.

### Obxecto

O presente programa ten como obxecto o subministro e instalación de sinais indicativas dos topónimos poboacionais (municipios, parroquias, aldeas ou lugares) e por outra banda de elementos de interese (cultural, turístico...) na rede provincial de estradas. Ditas sinais consideraranse elementos funcionais no dominio público da propia vía de comunicación, sendo a propia Deputación provincial a única competente para realizar dita sinalización (artigo 33.5 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia).

### Criterios de distribución:

Os concellos que queiran colaborar coa Deputación Provincial neste programa, deberán elaborar un listado de ubicacións de sinais, por orden de prioridade, empregando a tipoloxía de sinais dispoñibles do Anexo II. Unha vez recibida a proposta municipal, os técnicos da Deputación calcularán, por unha parte, as sinais que poderán asignar co importe mínimo, que será de 2.000 € por concello. Posteriormente o importe restante do Programa distribuirase en función do número de quilómetros de vías provinciais en cada concello.

No caso de que algún concello non colabore co programa, a Deputación poderá sinalizar os elementos que considere necesarios no ámbito municipal do que se trate, ou redistribuír o importe correspondente a ese concello noutros que se consideren necesarios.

Economías de licitación: Se a empresa adjudicataria ofrecera unha economía na licitación, repercutirá na subministración de nova/as sinais noutros concellos nos que se consideren necesarias. Os criterios de distribución aos concellos que queiran colaborar co programa, será en función dos parámetros obxectivos descritos no anexo I e II.

Os criterios de distribución aos concellos adheridos ao programa, será en función dos parámetros obxectivos descritos no anexo I e II.

Contía do programa:

A contía destinada a esta actuación incluída no orzamento da Excma. Deputación Provincial ascende á cantidade de 200.000,00 € (aplicación orzamentaria 4590.789).

No prezo considérase incluídos todos os gastos necesarios de fabricación/subministración e instalación e retirada dos substituídos, se houbera, segundo as especificacións establecidas e cumprindo a lexislación vixente.

Obrigas dos Concellos:

As obrigas dos Concellos son:

Elaborar un listado de ubicacións dos sinais, por orde de prioridade, tal e como se indica no anexo III, empregando a tipoloxía de sinais dispoñibles do Anexo II. A suma do custe das sinais solicitados non poderá, en ningún caso, superar a contía asignada ao concellos de que se trate.

Cumprir os prazos establecidos no programa.

Obrigas da deputación provincial:

As obrigas da Deputación Provincial de Lugo son:

Financiar a compra dos sinais descritas no prego de prescricións técnicas, para distribuír aos distintos concellos da provincia.

Adquirir ditos sinais para a súa posterior colocación na rede provincial de Lugo.





Instalar os sinais en función das condicións marcadas polo servizo de vías e obras. A instalación será realizada pola empresa adxudicataria do contrato. De ser necesaria a colocación de novos sinais ou a reposición de existentes, serán realizadas coas características descritas nos pregos técnicos, correndo tamén a cargo da empresa adxudicataria a retirada dos sinais existentes.

Solicitudes; presentación das mesmas e prazos, lugar de presentación e órgano ao que se dirixe a petición:

Os concellos deberán solicitar a participación no programa de dotación de sinais, para elo deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dos 15 días hábiles, improrrogables, seguintes a contar dende a notificación do programa.

Á solicitude de participación deberá acompañar a seguinte documentación:

Listado detallado de sinais segundo o modelo do Anexo III, onde se describirá un listado completo de posibles sinais que precisan colocar dentro das vías provinciais do seu concello. A suma do custe das sinais solicitados non poderá, en ningún caso, superar a contía asignada ao concellos de que se trate.

Indicarase as características que debería conter cada un dos sinais: como son o tipo de sinal (Anexo II), a súa localización con coordenadas xeográficas, contido do texto (denominación do lugar ou elemento patrimonial, etc), orientación da frecha, e demais características necesarias para a súa colocación, todo elo elaborado en función das necesidades de cada concello e acorde as condicións descritas no Anexo II.

Instrucción do procedemento:

A área de Cooperación e Asistencia aos Concellos será a responsable de tramitar as solicitudes e verificará que conteñen a documentación esixida no apartado anterior.

Os técnicos da Deputación Provincial de Lugo levarán o control e seguimento da execución das actuacións.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Prestar aprobación ao Programa de sinalización de toponimos de asentamentos de poboación e elementos de interese (cultural, turístico...) na Rede Viaria Provincial/ 2021, por importe de 200.000 €.

2º.- Que así mesmo se autorice o gasto correspondente, con cargo a aplicación orzamentaria 4530.619.

3º.- Que se incoe o correspondente expediente de contratación da subministración.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA NOVA CONVOCATORIA DAS SEGUINTE MEDIDAS DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL: MEDIDA 8.2.3.4 “TU EMPLEO EN EL RURAL” MEDIDAS PARA FAVORECER O AUTOEMPREGO E O EMPRENDEMENTO COLECTIVO NO MARCO DA ECONOMÍA SOCIAL. MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 13 de maio de 2019 ten entrada no rexistro da Deputación de Lugo as catro Resolucións da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se resolve a concesión directa de subvencións solicitadas o amparo da convocatoria do Real decreto 1234/2018, do 5 de outubro de 2018, polas que se concede as seguintes subvencións polo importe reflectido no cadro:



Denominación	Medida	Nº Expediente
Tu empleo Social en el Rural	8.2.3.3	349-281338
Tu empleo en el Rural	8.2.3.4	349-281342
Gente joven en el rural	8.2.4.2	349-281343
Generate tu empleo en el rural	8.2.3.1	349-290455
TOTAL		

Que con data 24 de maio de 2019, apróbase en Xunta de Goberno a aceptación das subvención concedidas, detalladas no punto anterior.

Que con data 3 de xuño de 2020 comunicase por parte do Ministerio de Política Territorial a resolución das axudas de acordo a redistribución solicitada para a adaptación da axuda o SMI de 2020, respectando a taxa de cofinanciación do 91,89% do total do gasto a subvencionar.

Que con data 26 de xuño de 2020, aprobase as bases e a convocatoria que regulan os procedemento de solicitude e concesión das medidas, 8.2.3.3, 8.2.3.4 e 8.2.4.2.

Que con data 19 de setembro e 21 e 23 de outubro de 2020, publícanse as listaxes de beneficiarios das medidas 8.2.3.3, 8.2.3.4 e 8.2.4.2. cubríndose o total das bolsa axuda so na medida 8.2.3.3 “Tu empleo Social en el Rural”

Que con data 5 de outubro de 2020 a Secretaria de Estado de Política Territorial e Función Pública comunican a ampliación dos prazos de execución e xustificación por parte das entidades beneficiarias, resolvendo con amplos prazos , sendo aprobados en Xunta de goberno de data 12 de marzo de 2021 e publicados no BOP do día 17 de marzo de 2021.

Que a situación vivida nos últimos meses ocasionada polo Covid 19, imposibilitou cubrir o número total de prazas ofertadas durante o prazo de solicitudes, sumando ademais as renuncias presentadas por parte das empresas beneficiarias froito dos peches obrigatorios, redución de horarios... Si a estas razóns de forza maior sumamos o longo período habilitado para a execución do programa así coma a necesidade de executar programas e invertir recursos en aras de promocionar a economía e fomentar o emprego sobre todo na mocidade por ser un dos grupo de idade onde a incidencia de paro ronda case o 50%., aproveitar as vacantes por cada medida

reabrindo un nova convocatoria, cun período de solicitude de forma interrompida ata o 30 de setembro de 2021 en réxime de concorrencia non competitiva ata esgotar o orzamento sería unha boa oportunidade para o tecido empresarial da provincia.

Que con esta nova convocatoria pretendese crear un revulsivo na provincia xa que o impacto pode afectar a crear novas contratacións de carácter indefinido entre poboación moza da provincia de Lugo , fomentar o emprendemento de economía social e fortalecer tecido empresarial existente na provincia.

Que tendo en conta o total de Bolsas de axudas dispoñibles, sendo de aplicación na súa regulación as bases aprobadas xunto coa primeira convocatoria.

MEDIDA	BOLSA AXUDA TOTAIS	BOLSA AXUDA OUTORGADAS	BOLSA AXUDA OFERTADAS
8.2.3.3. “ TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL”	2	2	0
8.2.3.4 ” MEDIDAS PARA FAVORECER O AUTOEMPREGO E O EMPRENDEMENTO COLECTIVO NO MARCO DA ECONOMÍA SOCIAL	2	0	2
8.2.4.2. GENTE JOVEN EN EL RURAL	30	12	18

Por todo anterior, proponse á Xunta de Goberno:

Aprobar unha nova convocatoria para dúas medidas dentro do Programa Prende Bota raíces no rural , cun período de solicitude ininterrompido que abrangue dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no BOP, previa publicación na Base Nacional de Subvencións e ata 30 de setembro de 2021, ou ben ata que se esgote as bolsas de axuda ofertadas por cada unha das Medidas:

Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, 18 prazas

Medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, 2 prazas

o efecto de aproveitar o máximo a subvención concedida e contribuír a romper o impacto negativo na economía causado pola pandemia do Covid 19, e sen provocar prexuízo a terceiros, xa



que en ningún momento da convocatoria anterior houbo solicitudes abondas para cubrir as vacantes ofertadas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Débase ter en conta o escrito da Xefa da Sección de Promoción Económica e Social, no que se sinala que na proposta produciuse un erro de transcripción, e onde dí: “Que tendo en conta o total de Bolsas de axudas dispoñibles, sendo de aplicación na súa regulación as bases aprobadas xunto coa primeira convocatoria”; debe dicir: “Ao total de Bolsas de axudas dispoñibles, sonlle de aplicación na súa regulación as bases aprobadas xunto coa primeira convocatoria, así como as modificacións posteriores enunciadas nos apartados catro e sexto do informe”.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIAS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2018.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se relacionan, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 10 de agosto de 2018, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 111, de data 16 de maio de 2018.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

“1.- Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2018, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións

destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2.- Con data 16 de maio de 2018, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 111 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 10 de agosto de 2018, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 14 de agosto de 2018, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 186, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2019.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de



novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez transcorrido o prazo establecido nas Bases citadas, para a presentación da documentación xustificativa, procédese á revisión da documentación xustificativa e detéctanse unha serie de deficiencias, polo que con data de 18 e 19 de decembro de 2019 a Presidencia desta Excma. Deputación de Lugo, revolveu, requirir ás Asociacións que se relacionan, para que, no prazo improrrogable de 15 días, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, presenten a documentación requirida, advertíndolles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

8.- Con data 30 de decembro de 2019, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

9.- Transcorrido o citado prazo de 15 días e non sendo atendido o citado requirimento polas asociacións citadas a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, revolveu, con data 18 de xaneiro de 2021 e 1 de febreiro de 2021, iniciar os expedientes de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades que se relacionan por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10.- Con data 21 de xaneiro de 2021 e 15 de febreiro de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

11.- Transcorrido o citado prazo de 10 días constátase que non foi atendido o citado tramite de audiencia polas asociacións relacionadas”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Procedede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolveu o concurso de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 111 de 16 de maio de 2018, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria.

2º.- Que se notifique aos interesados, que se relacionan, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
ASOC. ECHE O QUE HAI	ENTROIDO.	825,00
ASOC. VECIÑAL, CULTURAL Y DEPORTIVA DE RIOSECO	VIAXE CULTURAL DENTRO DA COMUNIDADE, MAGOSTO E NADAL.	809,00
ASOC. DE MULLERES RURAIS SANTA ISABEL	VIAXE CULTURAL A PORTUGAL.	380,00
ASOC. COMERCIANTES BEIRAS DE VIVEIRO	FESTIVAIS CULTURAIIS DE NADAL: FESTIVAL DE PAPA NOEL E A FESTA DO APALPADOR.	698,00
ASOC. DE VECIÑOS SAN BRAIS DE SAN ROMAN DE ACEDRE	XORNADA CULTURAIIS, ETNOGRÁFICAS E CONFRATERNIDADE VECIÑAL DE SAN BRAIS DE ACEDRE.	889,00
ASOC. CULTURAL ESCOLA DE BAILE E GAITAS O CASTRO	XORNADAS DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA E MÚSICA POPULAR GALEGA.	1.143,00
ASOC. GALEGA DO XOGO POPULAR E TRADICIONAL	DIVULGACIÓN DOS XOGOS TRADICIONAIS DA TERRA DE MIRANDA.	1.143,00
A.C. OSORIO GUTIERREZ	FESTIVAL INFANTIL, FESTIVAL FOLCLÓRICO DO CONDE SANTO, VIAXES CULTURAIIS A SADA, SARRIA, PORTUGAL.	1.064,00
ASPANANE (ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE VIVEIRO)	PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO "EU=QUE TI"	968,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DO CONCELLO DE SAMOS Á ACHEGA PARA ACTUACIÓNS DEPORTIVAS INCLUÍDAS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:





“Visto o informe do Servizo de Deportes, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito do Concello de Samos, no que se comunica a súa renuncia formal ás actuacións incluídas no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, cómpre informar:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrado o 2 de abril de 2020, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, publicadas no BOP nº 077, de data 3 de abril de 2020.

O alcalde do Concello de Samos presentou, en data 26 de xuño de 2020, solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de Samos formulaba como actividades a desenvolver “Torneo fútbol sala e carreira popular”, cunha achega da Deputación Provincial por importe total de 4.000,00 €.

ACTIVIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	IMPORTE TOTAL
Actividades deportivas: Torneo fútbol sala e Carreira popular	4000,00 €	0,00€	4000,00 €

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2020, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que se contempla unha achega de 4.000,00 € para a Programa de actividades deportivas: “torneo fútbol sala e carreira popular”, formulado polo Concello de Samos.

Que na base 18.7 establecese que a data límite do vencemento do programa de actividades deportivas será o 31 de decembro de 2020, e que a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2021, a conta xustificativa.

Que con data 22/03/2021 12:01:07 e numero de expediente 2021/PES\_03/004973 o Concello de Samos comunica a renuncia, ante:

«A imposibilidade de celebrar as actuacións que foron solicitadas para o Programa de Actividades Deportivas do ano 2020, debido a crise sanitaria. Polo que se renuncia ó devandito programa.»

No artigo 84.1 da Lei 39/2015, do 1 do outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC, no sucesivo) recóllese literalmente que:

“Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Neste mesmo sentido, no artigo 94 desta mesma lei establécese o seguinte:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

En consecuencia, cabe concluír que o representante do Concello indicado pode renunciar á achega aprobada e incluída no Plan Único 2020, dado que a renuncia tivo entrada no rexistro xeral da Entidade e coa mesma non se prexudica nin ao interese público nin a terceiros.



Que segundo a base 19 das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, o órgano competente para aprobar a renuncia á achega provincial será a Xunta de Goberno. No caso de que a Deputación tivese aboado anticipo, e o Concello renunciase, desistise ou non executase o investimento, actuación, evento ou actividade, o referido Concello presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-\*\*\*\*. Tamén procederá a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro si e anterior a esta.

Que non consta solicitude e concesión ao Concello de Samos do referido anticipo respecto do Plan Único 2020.

Polo exposto, infórmase favorablemente:

Aceptar a renuncia á achega outorgada ao abeiro do Plan Único 2020, para o concello e o obxecto, programa e importe que se indica:

CONCELLO	INVESTIMENTO/ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	PROGRAMA
SAMOS	ACTIVIDADES DEPORTIVAS: TORNEO FÚTBOL SALA E CARREIRA POPULAR	4.000,00 €	A. DEPORTIVAS

Notificar o acordo de aceptación da renuncia á achega outorgada ao concello interesado, e indicado no apartado precedente.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia formulada polo Concello de Samos á achega outorgada ao abeiro do Plan Único 2020, co obxecto, programa e importe que se indica:

CONCELLO	INVESTIMENTO/ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	PROGRAMA
SAMOS	ACTIVIDADES DEPORTIVAS: TORNEO FÚTBOL SALA E CARREIRA POPULAR	4.000,00 €	A. DEPORTIVA

2º.- Notificar ao Concello de Samos o acordo de aceptación da renuncia formulada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN REGULAMENTARIA DUN TRABALLADOR DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que o Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, solicitou, en data 22 de abril de 2020, á vista das necesidades do servizo e coa conformidade do interesado, a prolongación do servizo activo de D. Miguel Ángel Fernández López, Veterinario do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de Director da Granxa Provincial, aprobada por Resolución da Presidencia de data 6 de maio de 2020, dado que consonte ao disposto no Decreto da Presidencia de 24 de marzo de 2020, se avoca as atribucións que, en materia de xubilación do persoal funcionario, lle atribúe á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial de Lugo, prorrogada posteriormente por Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020 ata o 7 de maio de 2021.

Consideracións de Dereito.

O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario pode ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.



[...].”

A Orde de 7 de xaneiro de 2013, pola que se regula o procedemento de autorización da prolongación da permanencia no servizo activo, sinala no seu artigo 6:

“Duración e finalización da prolongación da permanencia no servizo activo.

A prolongación de permanencia no servizo activo concederáse por períodos dun ano renovables anualmente á solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data de finalización da prolongación concedida, e como máximo ata que a persoa funcionaria cumpra a idade de setenta anos ou a idade máxima que legalmente se estableza.

Se antes de finalizar a prórroga concedida a persoa interesada non presenta a correspondente solicitude no prazo establecido, declararase de oficio a xubilación forzosa.”

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a) así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

[...].”

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo presente que D. Miguel Ángel Fernández López terá acreditado, á data do 7 de maio de 2021, un período de cotización superior aos 37 anos e 3 meses, non tendo solicitada a prolongación no servizo activo dentro do prazo expresamente sinalado regulamentariamente, proponho á Xunta de Goberno que, en uso das

atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no bop núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do funcionario D. Miguel Ángel Fernández López, con efectividade do día 7 de maio de 2021, derradeiro día que presta servizos a esta entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA A UNHA PRAZA DENOMINADA ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL SUPERIOR, INCLUÍDA NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO 2017.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal funcionario, que a continuación se indica, vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público correspondentes ao ano 2017 (BOP número 298 de 30.12.2017).

Caracterización da praza.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OE	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO/ SUBGRUPO	COTA
1	2017	848/1332	ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL SUPERIOR	Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos superiores	A-A1	XERAL

Sistema selectivo.



Con base no disposto no artigo 171.2 do RDL 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece “o ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso - oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva,...” e tendo en conta que nos atopamos diante dun proceso que ten, entre os seus obxectivos, estabilizar o emprego temporal; atendendo a que, para a realización das funcións da praza que se convoca e do correspondente posto, a experiencia profesional no desempeño destas funcións (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación provincial de Lugo ou de outra Administración pública, ou incluso en entidades privadas), presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

Considerando tamén que acreditar formación específica previa, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto, tamén é beneficioso para o desempeño destas e tendo en conta o acordo alcanzado na Mesa Xeral de Negociación do 11 de outubro de 2018, o sistema selectivo será o de concurso – oposición libre.

Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.

Artigo 9.1) do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se establece que “son funcionarios de carreira quen, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha administración pública por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente”.

Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que “os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.

Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

Artigo 171.2 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso -oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”





Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Artigo 59.1 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020) sobre atribucións da Xunta de Goberno, que sinala que correspóndelle á mesma: “Aprobar as bases para as probas de selección de persoal (...)”

### Proposta de acordo

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante e dotada, incluída na oferta pública de emprego 2017 (BOP número 298 de 30.12.2017):

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OE	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO/ SUBGRUPO	COTA
1	2017	848/1332	ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL SUPERIOR	Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos superiores	A-A1	XERAL

Con respecto ás bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021, publicadas xunto coa presente convocatoria.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA A UNHA PRAZA DENOMINADA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A TOPÓGRAFO/A, INCLUÍDA NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO 2017.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal funcionario, que a continuación se indica, vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público correspondentes ao ano 2017 (BOP número 298 de 30.12.2017).

Caracterización da praza.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OE	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO/ SUBGRUPO	COTA
1	2017	776/1141	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A TOPÓGRAFO/A	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios	A-A2	XERAL



Sistema selectivo.

Con base no disposto no artigo 171.2 do RDL 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece “o ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso - oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva,...” e tendo en conta que nos atopamos diante dun proceso que ten, entre os seus obxectivos, estabilizar o emprego temporal; atendendo a que, para a realización das funcións da praza que se convoca e do correspondente posto, a experiencia profesional no desempeño desas funcións (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación provincial de Lugo ou de outra Administración pública, ou incluso en entidades privadas), presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

Considerando tamén que acreditar formación específica previa, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto, tamén é beneficioso para o desempeño destas e tendo en conta o acordo alcanzado na Mesa Xeral de Negociación do 11 de outubro de 2018, o sistema selectivo será o de concurso – oposición libre.

Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.

Artigo 9.1) do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se establece que “son funcionarios de carreira quen, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha administración pública por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente”.

Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- g) Publicade das convocatorias e das súas bases.
- h) Transparencia.
- i) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- j) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- k) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- l) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que “os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.

Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

Artigo 171.2 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso -oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”



Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Artigo 59.1 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020) sobre atribucións da Xunta de Goberno, que sinala que correspóndelle á mesma: “Aprobar as bases para as probas de selección de persoal (...)”

Proposta de acordo.

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante e dotada, incluída na oferta pública de emprego 2017 (BOP número 298 de 30.12.2017):

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OE	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO / SUBGRUPO	COTA
1	2017	776/1141	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A TOPÓGRAFO/A	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios	A-A2	XERAL

Con respecto ás bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021, publicadas xunto coa presente convocatoria.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA EN PRAZAS DENOMINADAS TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA (FP) INCLUÍDAS NAS OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO 2017 E 2019.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Obxecto da convocatoria

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario, que a continuación se indican, vacantes e dotadas, incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes ao ano 2017 (BOP número 298 de 30.12.2017) e 2019 (BOP 299 de 31.12.2019).

Caracterización das prazas.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OE	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO / SUBGRUPO	COTA
3	1 PRAZA (OE 2017)	790/1185	TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA FP	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares	B	XERAL
	2 PRAZAS (OE 2019)	851/1335 852/1336				

Sistema selectivo.



Con base no disposto no artigo 171.2 do RDL 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece “o ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso - oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva,...” e tendo en conta que nos atopamos diante dun proceso que ten, entre os seus obxectivos, estabilizar o emprego temporal; atendendo a que, para a realización das funcións das prazas que se convocan e dos correspondentes postos, a experiencia profesional no desempeño destas funcións (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación provincial de Lugo ou de outra Administración pública, ou incluso en entidades privadas), presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

Considerando tamén que acreditar formación específica previa, relacionada coas funcións e tarefas das prazas que se convocan e dos seus correspondentes postos, tamén é beneficioso para o desempeño destas e tendo en conta o acordo alcanzado na Mesa Xeral de Negociación do 11 de outubro de 2018, o sistema selectivo será o de concurso – oposición libre.

Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.

Artigo 9.1) do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se establece que “son funcionarios de carreira quen, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha administración pública por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente”.

Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- m) Publicade das convocatorias e das súas bases.
- n) Transparencia.
- o) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- p) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- q) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- r) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que “os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.

Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

Artigo 171.2 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso -oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”





Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Artigo 59.1 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020) sobre atribucións da Xunta de Goberno, que sinala que correspóndelle á mesma: “Aprobar as bases para as probas de selección de persoal (...)”

#### Proposta de acordo

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes e dotadas, incluídas nas ofertas públicas de emprego 2017 (BOP número 298 de 30.12.2017) e 2019 (BOP 299 de 31.12.2019):

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OE	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO / SUBGRUPO	COTA
3	1 PRAZA (OE 2017)	790/1185	TÉCNICO/A SUPERIOR FP INFORMÁTICA	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares	B	XERAL
	2 PRAZAS (OE 2019)	851/1335 852/1336				

Con respecto ás bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021, publicadas xunto coa presente convocatoria.

**2º.-** Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

**3º.-** Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **15.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PA 60-2021.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co escrito remitido polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso Nº PA 60/2021 P, interposto por Dna. Sara Arias Chao fronte a resolución de data 15 de maio de 2020 polo que resolve o proceso selectivo de forma definitiva dunha praza á Técnico superior de edificacións e obras do plantel de funcionario da Deputación Provincial de Lugo, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no recurso contencioso administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do Expediente administrativo ao Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.



3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PA 94-2021.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co escrito remitido polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso Nº PA 94/2021 J, interposto por D. Angel Meitín Louzao contra a Deputación Provincial de Lugo, pola desestimación da reclamación patrimonial interposta en data 19/11/2020 pola demandante, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso administrativo referenciado.

2º.- A remisión do Expediente administrativo ao Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PA 96-2021.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co escrito remitido polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso Nº PA 96/2021 P, interposto por Dna. Gloria Dorado Becerra contra a Deputación Provincial de Lugo, por desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación patrimonial interposta en data 24 de xullo de 2020, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso administrativo referenciado.

2º.- A remisión do Expediente administrativo ao Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

## **19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.